



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 277 · Xoves, 2 decembro 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Baltar

Corrección de erros no anuncio da convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha traballador/a social, que se publicou no BOP n.º 272, do día 26 de novembro de 2021..... 2

Barco de Valdeorras (O)

Exposición pública da aprobación inicial do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2022..... 2

Pereiro de Aguiar (O)

Convocatoria e bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta "Benvido ao Pereiro"..... 2

Punxín

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral fixa dun chofer de tractor rozadoira e encargado/a de medio ambiente e vías públicas 10

Rúa (A)

Exposición pública da aprobación inicial do Proxecto de equidistribución SUNC- 3 Area de repartimento 00..... 19

Rubiá

Aprobación da Oferta pública de emprego..... 19

Teixeira (A)

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha limpador/a..... 19
Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal de tres prazas de auxiliar de axuda no fogar..... 20

IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Corrección de errores en el anuncio de la convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a trabajador/a social, que se publicó en el BOP n.º 272, del día 26 de noviembre de 2021..... 2

Barco de Valdeorras (O)

Exposición pública de la aprobación inicial del Presupuesto general municipal para el ejercicio 2022..... 2

Pereiro de Aguiar (O)

Convocatoria y bases reguladoras de ayudas a la natalidad o adopción con la tarjeta "Benvido ao Pereiro"..... 6

Punxín

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral fija de un chófer/choferesa de tractor desbrozadora y encargado/a de medio ambiente y vías públicas 14

Rúa (A)

Exposición pública de la aprobación inicial del Proyecto de equidistribución SUNC- 3 Area de reparto 00..... 19

Rubiá

Aprobación de la Oferta pública de empleo..... 19

Teixeira (A)

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a limpiador/a..... 19
Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de tres plazas de auxiliar de ayuda en el hogar..... 20



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Unha vez constatados os erros nas bases publicadas no BOP de Ourense nº 272, con data 26 de novembro de 2021, publícase este anuncio para os efectos de conceder un novo prazo para a presentación de instancias. As bases rectificadas estarán dispoñibles na sede electrónica do Concello de Baltar (<http://baltar.sedelectronica.gal>.)

Convocatoria para a contratación laboral temporal que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía no expediente 347/2021:

- 1.- Número e denominación: un/unha traballador/a social, xornada a tempo completo.
 - 2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal para obra ou servizo determinado. (Proxecto anual 2022 prestación do servizo social comunitario do Concello de Baltar).
 - 3.- Duración do contrato: ata o 31/12/2022.
 - 4.- Sistema de selección: concurso de valoración de méritos.
 - 5.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no rexistro do concello ou por calquera dos medios admitidos en dereito.
 - 6.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal; <http://baltar.sedelectronica.gal>.
- O alcalde. Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Una vez constatados los errores en las bases publicadas en el BOP de Ourense nº 272, con fecha 26 de noviembre de 2021, se publica el presente anuncio para los efectos de conceder un nuevo plazo para la presentación de instancias. Las bases rectificadas estarán disponibles en la sede electrónica del Ayuntamiento de Baltar (<http://baltar.sedelectronica.gal>.)

Convocatoria para la contratación laboral temporal que se indica a continuación, según las bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía en el expediente 347/2021:

- 1.- Número y denominación: un/a trabajador/a social, jornada a tiempo completo.
- 2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal para obra o servicio determinado (Proyecto anual 2021 prestación servicio social comunitario del Ayuntamiento de Baltar).
- 3.- Duración del contrato: hasta el 31/12/2022.
- 4.- Sistema de selección: concurso de valoración de méritos.
- 5.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el registro del ayuntamiento o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.
- 6.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal; <http://baltar.sedelectronica.gal>.

El alcalde. Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 3.123

O Barco de Valdeorras

En cumprimento do que dispón o artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o expediente de aprobación do Orzamento xeral municipal para

o exercicio 2022, aprobado inicialmente polo Pleno do concello na sesión extraordinaria do 30 de novembro de 2021. Durante o dito prazo, os/as interesados/as poderán examinar o expediente e interpoñer as reclamacións que consideren convenientes ao seu dereito. Se unha vez transcurrido o prazo non se presentaren reclamacións, o Orzamento considerárase aprobado definitivamente; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Isto publícase para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

O Barco de Valdeorras, na data de sinatura. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

En cumplimiento de lo que dispone el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público por el plazo de 15 días hábiles, que se contarán desde el día siguiente al de publicarse este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, el expediente de aprobación del Presupuesto general municipal para el ejercicio 2022, aprobado inicialmente por el Pleno del ayuntamiento en la sesión extraordinaria de 30 de noviembre de 2021. Durante dicho plazo, los/as interesados/as podrán examinar el expediente e interponer las reclamaciones que consideren convenientes a su derecho. Si una vez transcurrido el plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, el Presupuesto se considerará aprobado definitivamente; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas.

Esto se publica para su conocimiento y para los efectos oportunos.

O Barco de Valdeorras, en la fecha de firma. El alcalde.

Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 3.125

O Pereiro de Aguiar

Aprobación das bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta “Benvido ao Pereiro”, para o impulso da actividade económica no termo municipal do Pereiro de Aguiar, para paliar os efectos do COVID-19 (Reactiva Pereiro II): medidas complementarias de apoio ás familias.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/597835>).

A Xunta de Goberno Local deste Concello do Pereiro de Aguiar, acordou na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de novembro de 2021, aprobar as bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta “Benvido ao Pereiro”, co seguinte contido:

“Antecedentes

Ante a situación extraordinaria xerada pola pandemia do COVID-19 provocouse unha crise sanitaria de enorme magnitude que ten unhas consecuencias sanitarias e económicas para todos os cidadáns e familias o que esixe de medidas extraordinarias.

Nestas especiais circunstancias as administracións teñen un papel clave dentro das competencias propias para paliar e actuar sobre as consecuencias económicas e do emprego e para axudar e mitigar o impacto causado por este gromo pandémico.

Ademais das medidas nos diferentes programas sociais orzados (axuda no fogar, xantar na casa, axudas de emerxencia

social, teleasistencia etc.), que foron adoptadas con base nos antecedentes e liñas de actuación dos servizos sociais e na análise da situación de vulnerabilidade e afectación de crise no municipio (datos globais de desemprego, acceso a prestacións sociais, situacións de emerxencia habitacional e persoas sen fogar, pobreza enerxética, etc.), propúxose a adopción doutras medidas específicas de apoio ás familias para completar as xa acordadas que tamén terán unha repercusión beneficiosa no comercio e tecido empresarial e profesional do noso concello.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción: coa tarxeta “Benvido ao Pereiro” para o impulso da actividade económica no termo municipal do Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II): medidas complementarias de apoio ás familias, nos seguintes termos:

Bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta “Benvido ao Pereiro”.

Primeira.- Obxecto da axuda:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación das axudas que o Concello do Pereiro de Aguiar lle outorgará, mediante concorrencia non competitiva, á persoa que durante os anos 2019-2021 tivera un fillo ou filla, constituíra a tutela ou adopción dun neno ou nena, a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A través do procedemento regulado nestas bases, o Concello do Pereiro de Aguiar concederá axudas polo feito certo do parto/tutela/adopción dun neno/a que tivera ou teña lugar durante os anos 2019-2021.

Segunda.- Beneficiarios/as

Poderá ser beneficiario/a destas axudas:

- O/a proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.
- O/a adoptante dun/dunha menor, sempre que a constitución da adopción tivera lugar entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.
- O/a titor/a dun/dunha menor, sempre que a constitución da tutela se fixera entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

En todos os casos é preciso cumprir as seguintes condicións:

- A persoa solicitante ten que figurar empadroadado/a no Concello do Pereiro de Aguiar na data da solicitude da axuda e acreditar unha antigüidade neste empadramento de, polo menos, 1 ano ininterrompido e inmediatamente anterior á data da presentación da solicitude.
- O/a menor que causa o dereito á axuda ten que constar inscrito/a no padrón de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar na data de presentación da solicitude.

Cada neno/a nacido/a, tutelado/a ou adoptado/a dará dereito a unha única axuda en favor da persoa solicitante: proxenitor/a, titor/a ou pai/nai do/a menor.

Terceira. Disponibilidade orzamentaria.

Para o financiamento das axudas obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 231.480-03.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

Cuarta.- Contía

A axuda terá un importe certo de 250,00 € por neno/a .

Quinta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

As solicitudes para nenos/as nacidos/as nos anos 2019, 2020 e 2021 poderán presentarse dende o día seguinte ao da publicación destas bases e ata o día 31 de decembro de 2021. No caso de que o nacemento ou constitución da adopción ou tutela que motiva a solicitude tivera lugar entre o día 10 de decembro e o día 31 de decembro, o prazo para presentar a solicitude será ata o día 14 de xaneiro do 2022.

As solicitudes poderán realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar (<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>), utilizando o trámite de solicitude de instancia xeral dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

1. Para a presentación da solicitude terá que utilizarse o formulario normalizado que se achega como anexo, no que se inclúe unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración a presentación de certificacións do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións da Galicia.

2. Xunto co formulario de solicitude, o/a interesado/a, en atención ao previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, deberán achegar :

- a) Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.
- b) Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.
- c) Copia da inscrición de nacemento no Rexistro Civil do Concello do Pereiro de Aguiar, só no caso de non autorizar a consulta.
- d) Copia da resolución xudicial ou administrativa que constitúa a adopción ou tutela.

No caso de que a persoa solicitante tivese sido beneficiaria da tarxeta “Chegou” da Deputación de Ourense nos anos 2019, 2020 ou 2021, non terá que achegar a documentación expresada nos puntos a), b), c) e d), podendo substituílos pola autorización ao concello para a consulta deste datos na Deputación de Ourense. O formulario para esta autorización facilitarase polo Concello do Pereiro de Aguiar xunto co formulario de solicitude da axuda.

Se tales documentos foron achegados polo/a interesado/a ante calquera Administración, deberá indicar en que momento e ante que Administración os presentou para poder obtelos electronicamente a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, se por razóns técnicas e/ou informáticas non puidese ser posible a comprobación dalgún dos requisitos da persoa solicitante, o Concello do Pereiro de Aguiar poderá solicitarlle que achegue a documentación probatoria, que será dixitalizada para ser incorporada ao expediente electrónico da solicitude.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da axuda, á entidade financeira colaboradora para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da axuda, e tratalos para



emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, as persoas interesadas poderán dirixirse ao Concello do Pereiro de Aguiar que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9:00 a 14:30 horas, de luns a venres.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de axudas.

O Concello do Pereiro de Aguiar xestionará as solicitudes presentadas.

Unha vez recibidas as solicitudes, os servizos administrativos do Concello do Pereiro de Aguiar xestionarán as solicitudes presentadas nos últimos quince días, e referiranse a todas as solicitudes presentadas entre as 00:01 h do venres anterior ao da valoración e ata as 23:59 h do xoves anterior ao venres de valoración, salvo aquelas solicitudes que, por algunha causa, fose imposible comprobar os requisitos de forma automática ou fose preciso requirir á persoa solicitante para presentar algunha documentación.

As solicitudes que fosen conformes integranse nun listado no que se inclúen todas as xestionadas nesa quincena, quedando automaticamente concedidas as axudas. Paralelamente, remitirase á entidade financeira a listaxe para que procedan a emitir as tarxetas electrónicas.

a) No caso de que a documentación presentada estivese incompleta, o concello remitiralles mediante notificación un requirimento de emenda de deficiencias, e concederelles un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación ou emenda de erros que proceda.

b) No caso de que a documentación presentada estivese completa, formularase resolución da Alcaldía de concesión ou denegación da axuda, concedendo a axuda no caso de que cumpra os requisitos establecidos ou denegándoa en caso contrario.

Sétima.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento polo concello dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para cumprir o disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación de que se cumpren os requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao concello determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello do Pereiro de Aguiar, cuxo representante legal é o seu alcalde, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na praza do Concello, núm. 1, 32710, no Pereiro de Aguiar (Ourense), teléfono de contacto 988 259 385 e correo electrónico: info@concellopereiro.com.

b) O delegado de protección de datos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o que se cumpre o establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o, para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas Benvido ao Pereiro.

Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás axudas concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación.

Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web municipal www.concellopereiro.gal/es. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo Concello do Pereiro de Aguiar ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparase a disposición doutras persoas interesadas no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan publicar.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para cumprir coas obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao concello serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da axuda, á entidade financeira colaboradora para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da axuda, e tratalos para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente previo contradictorio con audiencia do/a interesado/a titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais

que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

a) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

b) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do concello de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

c) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do concello o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do concello. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao concello neste procedemento.

a) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

b) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

c) A falla de subministración ao Concello do Pereiro de Aguiar dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

Oitava.- Tarxeta electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar. As persoas que resulten beneficiarias da axuda e figuren na Resolución da Alcaldía recibirán no enderezo sinalado na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta “Benvido ao Pereiro”.

O funcionamento da antedita tarxeta é o que segue:

A persoa beneficiaria deberá activar a tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e só poderá usarse para facer compras ou pagos no comercio local da provincia de Ourense/do concello, quedando excluída a posibilidade de facer compras online ou obter efectivo en caixeiros automáticos nin nas oficinas na entidade financeira.

O/a beneficiario/a deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, e relacionados co/a neno/a, estando excluído o seu uso en liña e directamente en caixeiros automáticos ou mesmo na entidade financeira.

O prazo máximo durante o que estará activa a tarxeta será ata o 31 de maio de 2022.

Novena.- Gastos subvencionables.

As axudas terán como finalidade adquirir produtos hixiénicos, alimentarios e/ou de saúde en farmacias e/ou parafarmacias, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que sexan realizados en data posterior ao nacemento/adopción do/a neno/a que motiva a axuda e ata o 31 de marzo de 2022.

2. Que conste como executora do gasto a persoa beneficiaria da axuda.

Décima.- Xustificación e pago das axudas.

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da axuda está motivada pola concorrencia no solicitante beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser proxenitor/a dun/dunha neno/a nacido durante o ano 2020, titor/a ou pai/nai dun/dunha menor adoptado/a durante o ano 2020 non se requirirá outra xustificación que a comprobación xa realizada da situación que motiva a concesión da axuda, isto sen prexuízo dos controis que se establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito.

Por solicitude da Intervención do Concello do Pereiro de Aguiar, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención do Concello poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

Aquelas contías económicas non utilizadas unha vez finalizado o prazo máximo previsto nestas bases serán automaticamente reintegradas ao Concello do Pereiro de Aguiar, sen que se poida derivar ningún dereito para aquela persoa beneficiaria que non fíxese uso da totalidade do crédito inicialmente concedido.

Décimo primeira.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia, pola Deputación Provincial de Ourense ou por calquera outra Administración.

Décimo segunda - Normativa supletoria.

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Modelo oficial de instancia de solicitude

Plan Reactiva Pereiro II

(Axudas para o fomento da natalidade ou adopción do concello.

Programa “Benvido O Pereiro” (nenos/as de 0 a 3 anos).

Formulario de solicitude

Solicitante:

Nome e apelidos do solicitante: ...

DNI: ...

Domicilio: ...

Correo electrónico: ...

Teléfono móbil: ... Teléfono fixo: ...

Neno/a: (menor que causa o dereito á axuda)

Nome e apelidos: ...

DNI: ...

Domicilio: ...

Neno/a: (menor que causa o dereito á axuda)

Nome e apelidos: ...

DNI: ...

Domicilio: ...



Expón:

1. Que é o/a proxenitor/a dun/dunha menor nacido/a entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

(ou)

Que é o/a adoptante dun/dunha menor, constituíndose a adopción entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

(ou)

Que é o/a titor/a dun/dunha menor, constituíndose a tutela entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2021.

(Marcar o que proceda)

2. Que figura empadroadado/a no Concello do Pereiro de Aguiar na data da solicitude da axuda e cunha antigüidade no empadramento de 1 ano ininterrompido e inmediatamente anterior á data da presentación da solicitude.

3. Que o/a menor que causa o dereito á axuda está inscrito/a no padrón de habitantes do Concello do Pereiro de Aguiar na data de presentación da solicitude.

4. Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que se compromete ao cumprimento das obrigacións que como beneficiario da axuda establecen as bases reguladoras.

Solicita: a concesión da axuda prevista nas bases reguladoras da convocatoria, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello do Pereiro de Aguiar do 26 de novembro de 2021.

Documentación que achega:

a) Copia do DNI, ou documento identificativo, só no caso de non autorizar a consulta.

b) Copia do certificado de empadramento do/a solicitante, só no caso de non autorizar a consulta.

d) Copia da resolución xudicial ou administrativa que constituía a adopción ou tutela.

(Marcar o que proceda)

O Pereiro de Aguiar, ... de ... de 20...

Sinatura (só no caso que se presente de forma presencial)"

Segundo.- Ordenar a convocatoria inmediata das ditas axudas, mediante anuncios na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar e, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense."

Dando cumprimento ao referido acordo, procédese á publicación íntegra destas para xeral coñecemento mediante anuncios na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar e, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Advírtese de que contra este acordo se poden interpoñer os seguintes recursos:

En caso de particulares, pódese interpoñer, potestativamente, un recurso de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan compaxinar ambos os dous recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP no caso de administracións públicas, pódese interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense. Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá formularse requirimento de anulación ou revogación do acto, no prazo de dous meses e con carácter previo ao exercicio de accións en vía contenciosa. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, tendo en conta que o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo, no caso de que se formule o requirimento previo-, contará desde o día seguinte a aquel no que se reciba a comunicación do acordo expreso sobre o dito requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado. Non obstante o anterior, poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime pertinente.

O alcalde.

Este documento está asinado electronicamente.

Aprobación de las bases reguladoras de ayudas a la natalidad o adopción con la tarjeta "Benvido ao Pereiro", para el impulso de la actividad económica en el término municipal de O Pereiro de Aguiar, para paliar los efectos del COVID-19 (Reactiva Pereiro II): medidas complementarias de apoyo a las familias

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/597835>

La Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar acordó en sesión ordinaria que tuvo lugar el día 26 de noviembre de 2021, aprobar las bases reguladoras de ayudas a la natalidad o adopción con la tarjeta "Benvido ao Pereiro", con el siguiente contenido:

"Antecedentes

Ante la situación extraordinaria generada por la pandemia del COVID-19 se provocó una crisis sanitaria de enorme magnitud que tiene unas consecuencias sanitarias y económicas para toda la ciudadanía y familias lo que exige de medidas extraordinarias.

En estas especiales circunstancias las administraciones tienen un papel clave dentro de las competencias propias para paliar y actuar sobre las consecuencias económicas y del empleo y para ayudar y mitigar el impacto causado por este brote pandémico.

Además de las medidas en los diferentes programas sociales presupuestados (ayuda en el hogar, comer en casa, ayudas de emergencia social, teleasistencia etc.), que fueron adoptadas en base a los antecedentes y líneas de actuación de los servicios sociales y al análisis de la situación de vulnerabilidad y afectación de crisis en el municipio (datos globales de desempleo, acceso a prestaciones sociales, situaciones de emergencia habitacional y personas sin hogar, pobreza energética, etc.), se propuso la adopción de otras medidas específicas de apoyo a las familias para complementar a las ya acordadas que también tendrán una repercusión beneficiosa en el comercio y tejido empresarial y profesional de nuestro ayuntamiento.

Por lo expuesto, esta Junta de Gobierno Local acuerda:

Primero.- Aprobar las bases reguladoras de ayudas a la natalidad o adopción: con la tarjeta "Bienvenido ao Pereiro" para el impulso de la actividad económica en el término municipal de O Pereiro de Aguiar (Reactiva Pereiro II): medidas complementarias de apoyo a las familias, en los siguientes términos:

Bases reguladoras de ayudas a la natalidad o adopción con la tarjeta "Benvido ao Pereiro".

Primera.- Objeto de la ayuda:

Constituye el objeto de estas bases la regulación de las ayudas que el Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, le otorgará, mediante concurrencia no competitiva, a la persona que durante los años 2019-2021 tenga un hijo o hija, tenga constituida la tutela o adopción de un niño o niña, a través del procedimiento previsto en los artículos 19.2 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

A través del procedimiento regulado en estas bases, el Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar concederá ayudas por el hecho cierto del parto/tutela/adopción de un/a niño/a que tuviera o tenga lugar durante los años 2019-2021.

Segunda.- Beneficiarios/as

Podrá ser beneficiario/a de estas ayudas:

- El/la progenitor/a de un/a menor nacido/a entre el 1 de enero de 2019 y el 31 de diciembre de 2021.
- El/la adoptante de un/a menor siempre que la constitución de la adopción tenga lugar entre el 1 de enero de 2019 y el 31 de diciembre de 2021.
- El/la tutor/a de un/a menor siempre que la constitución de la tutela se haga entre el 1 de enero de 2019 y el 31 de diciembre de 2021.

En todos los casos es preciso cumplir las siguientes condiciones:

- La persona solicitante tiene que figurar empadronado/a en el Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar en la fecha de la solicitud de la ayuda y acreditar una antigüedad de empadronamiento en el mismo, de por lo menos, 1 año ininterrumpido e inmediatamente anterior a la fecha de la presentación de la solicitud.

• El/la menor que causa el derecho a la ayuda tiene que constar inscrito/a en el padrón de habitantes del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar en la fecha de presentación de la solicitud.

Cada niño/a nacido/a, tutelado/a o adoptado/a dará derecho a una única ayuda a favor de la persona solicitante: progenitor/a, tutor/a o padre/madre del/de la menor.

Tercera. Disponibilidad presupuestaria

Para la financiación de las ayudas objeto de esta convocatoria existe crédito adecuado y suficiente en la aplicación presupuestaria.

Este crédito podrá ser ampliado cuando el aumento venga derivado de alguno de los supuestos previstos en el artículo 30.2 del Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia. El incremento de crédito quedará condicionado a la declaración de disponibilidad de este como consecuencia de las circunstancias señaladas en dicho artículo.

Cuarta.- Cuantía

La ayuda tendrá un importe cierto de 250,00 € por niño/a.

Quinta.- Solicitudes: plazos, lugar de presentación y documentación.

Las solicitudes para niños/as nacidos/as en los años 2019, 2020 y 2021 podrá presentarse desde el día siguiente al de la publicación de estas bases y hasta el día 31 de diciembre de 2021. En el caso de que el nacimiento o constitución de la adopción o tutela que motiva la solicitud tuviera lugar entre el día 10 de diciembre y el día 31 de diciembre, el plazo para presentar la solicitud será hasta el día 14 de enero de 2022.

Las solicitudes podrán realizarse de modo presencial o telemático, en este último caso a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar (<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>) utilizando el trámite de solicitud de instancia general disponible en la sede. Para la presenta-

ción de solicitud por medios electrónicos es necesario disponer de los certificados electrónicos reconocidos o cualificados de firma electrónica.

1. Para la presentación de la solicitud tendrá que utilizarse el formulario normalizado que se adjunta como anexo, en el que se incluye una declaración responsable de no incurrir en las prohibiciones prevista en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, para obtener la condición de beneficiario/a, sustituyendo esta declaración la presentación de certificaciones del cumplimiento de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social, por tratarse de uno de los supuestos previstos en la letra e) del artículo 31.7 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

2. Junto con el formulario de solicitud, el/la interesado/a, en atención a lo previsto en el artículo 28 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, deberán aportar:

- a) Copia del DNI, o documento identificativo, solo en el caso de no autorizar la consulta.
- b) Copia del certificado de empadronamiento del/la solicitante, solo en el caso de no autorizar la consulta.
- c) Copia de la inscripción de nacimiento en el Registro Civil del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, solo en el caso de no autorizar la consulta.
- d) Copia de la resolución judicial o administrativa que constituya la adopción o tutela.

En el caso de que la persona solicitante hubiera sido beneficiaria de la tarjeta "Chegou" de la Diputación de Ourense en los años 2019, 2020 o 2021, no tendrá que aportar la documentación expresada en los puntos a), b), c) y d), pudiendo sustituirlos por la autorización al ayuntamiento para la consulta de estos datos en la Diputación de Ourense. El formulario para esta autorización se facilitará por el Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar, junto con el formulario de solicitud de la ayuda.

Si tales documentos fueron aportados por el/la interesado/a ante cualquier Administración, deberá indicar en qué momento y ante qué Administración los presentó para poder obtenerlos electrónicamente a través de las redes corporativas, consultando las plataformas de intermediación de datos u otros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

En todo caso, si por razones técnicas y/o informáticas no pudiese ser posible la comprobación de alguno de los requisitos de la persona solicitante, el Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar podrá solicitarle que aporte la documentación probatoria, que será digitalizada para ser incorporada al expediente electrónico de la solicitud.

Los datos referidos al nombre, apellidos y número de teléfono móvil le serán comunicados, en el momento de la concesión de la ayuda, a la entidad financiera colaboradora para que pueda emitir la tarjeta electrónica con la cuantía de la ayuda, y tratarlos, para emitir, estampar y grabar la tarjeta y cuantos procesos y operaciones puedan ser precisos para la activación y gestión.

En caso de duda, dificultades técnicas o necesidad de más información, las personas interesadas podrán dirigirse al Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar que les prestará la asistencia precisa, en horario de 9:00 a 14:30 horas, de lunes a viernes.

Sexta.- Gestión de solicitudes y concesión de ayudas.

El Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar gestionará las solicitudes presentadas.

Una vez recibidas las solicitudes, los servicios administrativos del Ayuntamiento de O Pereiro de Aguiar gestionarán las soli-



citades presentadas en los últimos quince días, y se referirán a todas las solicitudes presentadas entre las 00:01 h del viernes anterior al de la valoración y hasta las 23:59 h del jueves anterior al viernes de valoración, salvo en aquellas solicitudes que, por alguna causa, fuese imposible comprobar los requisitos de forma automática o fuese preciso requerir a la persona solicitante para presentar alguna documentación.

Las solicitudes que fuesen conformes se integrarán en un listado en el que se incluirán todas las gestionadas en esa quincena, quedando automáticamente concedidas las ayudas. Paralelamente, se remitirá a la entidad financiera el listado para que procedan a emitir las tarjetas electrónicas.

a) En el caso de que la documentación presentada estuviese incompleta, el ayuntamiento les remitirá mediante notificación un requerimiento de enmienda de deficiencias, concediendo un plazo de diez días hábiles para la presentación de la documentación o enmienda de errores que proceda.

